




## O FENÓMENO DE CICLOXÉNESE EXPLOSIVA, QUE AFECTOU A GALICIA O PASADO VENRES, SUPEROU OS REXISTROS HISTÓRICOS DE REFACHOS DE VENTO NA NOSA COMUNIDADE

- *O fenómeno, coñecido como cicloxénese explosiva, produciuse polo choque dunha masa de aire quente con outra moi fría, que deu lugar a unha borrasca con ventos moi intensos*
- *Os ventos chegaron a acadar unha forza próxima aos 200 quilómetros por hora nalgúns puntos da nosa comunidade*
- *Os refachos de vento superaron os máximos históricos e acadaron unha forza superior á rexistrada co Hortensia en 1984*
- *Ante a previsión de fortes ventos, MeteoGalicia reforzou o servizo de predicción durante a noite do venres e o sábado, ademais de desprazar unidades móbiles ás zonas costeiras*

**Santiago, 26 de xaneiro de 2009.-** Durante a noite do 23 ao 24 de xaneiro do 2009 Galicia viuse afectada por un fenómeno coñecido como cicloxénese explosiva, que se formou no atlántico o xoves 22 pola tarde. Esta cicloxénese orixinouse polo choque entre unha masa de aire quente tropical con outra moi fría. O encontro deu lugar a unha borrasca profunda con ventos moi intensos que cruzou o norte da Península o longo da madrugada do sábado 24 de xaneiro.

Este fenómeno meteorolóxico deixou en Galicia refachos de ventos de máis de 100 quilómetros por hora en diversos puntos, chegando incluso, en zonas e momentos puntuais, a acadar unha forza de vento próxima aos 200 quilómetros por hora. Os refachos de vento superaron con creces os rexistros históricos, incluso os acadados no seu día polo Hortensia, no que os valores máximos foron de 158 quilómetros por hora.

A imaxe do satélite mostra o paso do fronte as 23:30 do venres 22.



As predicións de MeteoGalicia mostraron o xoves a formación desta borrasca que daría lugar a fortes ventos na segunda metade do venres 23, emitindo un parte de fenómeno meteorolóxico adverso as 10:00 de nivel laranxa. O venres 23 as 10:00 confirmouse o fenómeno, estendendo o período de adverso ata as 6 da mañá do sábado e incrementando o nivel de risco cunha predición de ventos de 100-140 qm/h no norte da comunidade, con posibilidade de superar puntualmente estes valores.

Dende ese momento, e de forma continuada ao longo de todo o fin de semana, MeteoGalicia levou a cabo un seguimento en tempo real do fenómeno meteorolóxico, mediante os seguintes medios:

- Unidades móbiles de observación meteorolóxica desprazadas á costa para completar a rede de estacións meteorolóxicas.
- Reforzo do operativo humano e técnico, con atención continua no departamento de predicións ao longo da noite de venres e o sábado.
- Emisión de partes horarios de seguimento do adverso para Protección Civil.

## Máximos históricos

O fenómeno meteorolóxico coñecido como Cicloxénese Explosiva, que se deixou sentir en Galicia na noite do venres 23 ao sábado 24 de xaneiro, deixou na comunidade galega importantes refachos de vento que superaron os máximos históricos.

Así, segundo se mostra na seguinte táboa, os ventos chegaron a acadar en zonas e momentos puntuais ata os 198 qm/h, superando así o precedente mais próximo na memoria dos galegos, o Hortensia en 1984, que acadou no seu día valores de refacho máximo de 158 km/h en Monteventoso (Ferrol), 151 km/h en Marín, 130 km/h en A Coruña, e 115 km/h en Lavacolla.

A seguinte táboa mostra os resultados medidos na rede de observación meteorolóxica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:

máximo (>100 km/h) Periodo do 23/1/2009 ás 12:00 a 24/1/2009 ás 12:00				
Estación		refacho máximo	hora	precipitación (mm)
<b>A Coruña</b>				
<i>Estaca de Bares</i>	Barquero	198.4	22:20	-
Malpica-A	Malpica	183.3	23:50	17.6
Marco da Curra-A	Monfero	155.1	23:30	25.8
<i>Cabo Vilán</i>	Camariñas	144.7	22:40	-
Muralla-A	Lousame	137.6	20:20	37.8
Movil-Lira	Carnota	131.0	23:50	4.4
<i>A Coruña</i>	A Coruña	128.9	1:20	-
Fontecada-A	Santa Comba	126.4	23:20	33.2
Mabegondo-A	Abegondo	124.3	0:20	10.4
Coruña Dique-A	A Coruña	122.7	1:30	15.9
Sálvora-A	Ribeira	118.7	0:00	3.4
Santiago EOAS	Santiago de Compostela	114.9	21:00	19.6
CIS Ferrol-A	Ferrol	114.6	23:10	14.4
<i>Padrón-Deposito</i>	Padrón	112.0	20:40	-
Melide-A	Melide	107.1	21:20	24.6
Corrubedo-A	Ribeira	103.0	21:50	3.4
<b>Lugo</b>				
Ancares-A	Cervantes	182.2	22:20	11.8
Burela-A	Burela	151.9	1:20	30.9
Fragavella-A	Abadín	145.0	0:50	40.6
Guitiriz-A	Guitiriz	128.3	0:10	39.3
<i>Ventosa-A</i>	Navia de Suarna	125.4	21:50	25.6
O Xipro-A	A Fonsagrada	111.6	0:30	22.5
Pedro Murias-A	Ribadeo	110.4	1:10	9.7
Campus Lugo-A	Lugo	99.9	21:40	12.3
<b>Ourense</b>				
Xares-A	A Veiga	182.6	22:30	18.4
Serra do Eixe-A	O Barco de Valdeorras	131.7	23:20	10.7
Rodicio-A	Maceda	124.1	22:20	15.6
Gandarela-A	Celanova	120.1	22:00	19.0
Invernadeiro-A	Vilaríño de Conso	106.5	22:20	22.8
<b>Pontevedra</b>				
Castro Vicaludo-A	Santa María de Oia	178.8	21:20	6.4
Serra do Faro-A	Rodeiro	145.8	21:40	20.2
Fornelos-A	Fornelos	132.0	22:30	56.8
OViso-A	Redondela	129.3	21:30	10.1
Ons-A	Bueu	127.6	1:00	6.3
Corón-A	Vilanova Arousa	106.7	2:10	7.2
Mouriscade-A	Lalín	104.6	0:40	23.2
<i>Vigo-Bouzas</i>	Vigo	101.9	21:20	-
Illas Cíes-A	Vigo	99.7	20:20	-

cursiva: estacións da rede da Agencia estatal de Meteoroloxía (AEMET)

resto: estacións da rede da CMADS

A imaxe seguinte mostra a distribución espacial do refacho máximo dende as 12 horas do venres 22 as 12 horas do sábado 24.

